



Asunto: Eleccións destino e tomas de posesión. OPE e Concurso de Traslados

A fin de disipar calquera rumor ou dúbida existente, resulta conveniente informarnos de que as previsións manexadas por esta dirección de Recursos Humanos céntranse no mes de **marzo** para realizar todos os actos de elección de destino das categorías menos voluminosas e das moi numerosas categorías de auxiliar de enfermería e médico de familia.

No que atinxe ao persoal DUE, PSX e auxiliares administrativos, é mester ter en conta que o prazo de interposición de recurso administrativo concluiu recentemente para estas categorías. Entre o remate do prazo e a recepción de todos os recursos é habitual deixar un tempo breve pero razoable, pois antes de chegar a este centro directivo circularan, case sempre, por outro rexistro previo.

Estamos imprimindo a máxima celeridade posible á súa resolución pero, como digo, aínda non chegaron todos os recursos, e temos moi presente que unha resolución pode alterar a lista definitiva, de aí a importancia e o noso interese de resolver a totalidade dos recursos administrativos antes dos actos de elección de destino.

Con todo, estimamos que os actos de elección rematen na primeira quincena de **abril**.

A salvo de imprevistos, na primeira quincena de maio haberán de estar rematadas as tomas de posesión de todas as categorías e, xa que logo, concluídos tanto o proceso selectivo como o de mobilidade voluntaria.

En Santiago a 16 de marzo de 2011

